

Neste texto tes que colocar as palabras que faltan. Despois completa o cadro.

repolo preciosa parece pilón teño

Vente, rapaza,
vente, meniña,
vente lavar
no _____ da fontaña.
¡Ai!, ¡que neniña!
¡Que nena _____!
despois de lavada
_____ unha rosa.
E este neniño
que _____ no colo,
despois de lavado
parece un _____ .
(Rosalía Castro)

Le as oracións e escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

O neno está nadando na piscina.

A nena vaise lavar no cuarto de baño.

O rapaz está moi lindo despois de lavarse.

O rapaz está na cama.

A meniña come repolo.

Van lavala no pilón.

Cando está lavada parece unha rosa.

As flores laváronse no pilón.

A neniña está na ducha.

O meniño é de color rosa.